



ANUNCIO do 25 de xuño de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común *Callós, Lameiras, Veiga da Torre, Panda, Sendeño e O Cristo da Portapena*, da parroquia de San Pataleón de Cabanas, no concello de Oourol (Lugo). Expediente 1DES_2021.

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento do monte veciñal en man común (MVMC) *Callós, Lameiras, Veiga da Torre, Panda, Sendeño e O Cristo da Portapena* con propiedades particulares, presentada pola comunidade de San Pantaleón de Cabanas o 15.1.2021 (con mellora da documentación o 18.5.2021).

Con data 15.6.2021 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na Ronda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta. Para consultar a documentación, os interesados deberán pedir cita previa nos teléfonos 982 889 256 ou 982 294 532.

Lugo, 25 de xuño de 2021

M^a Olga Iglesias Fontal
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

